CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Mostra interese por aprender a lingua e a cultura dos países anglosaxóns e comunicarse a través dela con outras persoas.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Ten algún recurso para buscar información sobre cousas doutros países		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.
- Técnicas de aprendizaxe.
- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.
- Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais; escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto, organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.
- Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Léxico e expresións básicos e frecuentes de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) ¿para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información,

Contidos

- culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Padróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para adquirir a competencia lingüística na lingua estranxeira, é importante traballar catro habilidades esenciais:

- Comprensión oral (listening): Para mellorar esta habilidade, aproveitarase o entorno ou situación real máis próximo para o alumnado, é dicir: a propia clase. O profesor/a empregará lingua estranxeira durante a hora de inglés apoiándose, se fose necesario, en imaxes ou mímica para favorecer a comprensión e deixando a lingua materna coma último recurso. Ademais, traballaremos esta habilidade a través de audicións en diferentes formatos e sobre diferentes situacións e temas relacionados cos intereses do alumnado (vídeos, contos, lecturas, audicións de situacións cotiás feitas por nativos, cancións etc.).

- Comprensión escrita (reading): Empregaranse textos en distintos formatos e soportes coa fin de que melloren esta habilidade e se acostumen a usalos, realizaranse actividades nas que teñan que amosar a comprensión escrita a través de preguntas, xogos ou actividades escritas. Por outra banda, para procurar que o alumnado desenvolva o gusto pola lectura terá á súa disposición libros de uso individual que cumpran os protocolos sanitarios, adaptados ao seu nivel de inglés tanto na biblioteca de aula coma na do centro.

- Expresión oral (speaking): Como xa explicamos, a lingua vehicular será a lingua estranxeira, xa que a clase supón a situación real máis próxima e motivadora para o alumnado, así que, ademais de falar en inglés, o profesor/a tamén dotará ao alumnado de ferramentas para desenvolverse eles mesmos no idioma estranxeiro durante a clase (frases típicas, preguntas, etc). Tentarase que o alumnado empregue o inglés para dirixirse ao profesor/a e aos seus compañeiros. Tamén se realizarán todo tipo de actividades destinadas á práctica da linguaxe oral: dramatizacións, *¿role plays?*, xogos, presentacións, etc.

- Expresión escrita (writing): o alumnado escribirá textos sinxelos sobre temas significativos para eles mesmos, nos que poidan facer uso do vocabulario e as estruturas aprendidas en cada unidade procurando o emprego de diferentes tipos e formatos así coma diversos soportes.

Durante o curso contaremos no centro cunha AUXILIAR DE CONVERSA que potenciará a competencia lingüística do noso alumnado.

Tendo en conta o rango de idade, a mestra e a auxiliar de conversa faremos especial fincapé na comprensión e expresión oral.

A temática das actividades e recursos empregados terá sempre relación co entorno directo do alumnado e cos seus intereses coa fin de motivalos e conseguir unha aprendizaxe máis significativa.

Ademais de desenvolver estas catro habilidades terase en conta a importancia de coñecer e interesarse polas culturas dos diversos países onde se fala inglés. Isto levarase a cabo principalmente a través de:

- Presentación e traballo con imaxes e obxectos propios das culturas relacionadas coa lingua inglesa, no que tanto o profesorado, coma o alumnado e as súas familias poden participar aportando materiais ou observándoos, sempre cumprindo os protocolos sanitarios.

- Proxectos socio-culturais: ao longo do curso, traballaremos varias temáticas relacionadas coa cultura da lingua inglesa, acerca das que recadarán información con axuda do profesor/a e das familias.

- Presenza e colaboración da AUXILIAR DE CONVERSA, quen será a fonte de información máis significativa para os rapaces.

As liñas de actuación da nosa metodoloxía para o deseño de actividades ensino-aprendizaxe basearase en:

- Teoría ABX (aprendizaxe baseado no Xogo). A aprendizaxe debe ser lúdica e activa (as situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe),
 - Ligada aos centros de interese do alumnado e empregando recursos e actividades atractivas para o seu rango de idade, así, empregaremos: xogos, cancións, rimas, adiviñas, vídeos, dramatizacións, contos, recursos TIC, etc.
 - Adaptada aos distintos tipos e ritmos de aprendizaxe por iso deseñaranse as unidades ou proxectos de traballo para ser utilizados con flexibilidade, de modo que todos os alumnos-as poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Intentarase dar apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.
 - Basearémonos tamén na programación por proxectos, iso quere dicir que as unidades didácticas serán definidas ao longo do curso segundo os proxectos que escolla a profesora e o alumnado na área de inglés ou na súa titoría, ou calquera outra temática que poida xurdir no contexto escolar ou local. Desta maneira, asegurámonos de que a temática sexa axeitada e de interese para o alumnado, fomentando a súa motivación e creamos contextos educativos nos que traballar de maneira máis global e en contacto coas competencias básicas. Sempre atenderemos, por suposto, aos contidos e obxectivos marcados por esta programación.
 - Deseño de actividades DUA (deseño universal de actividades) seguindo estas pautas:
Proporcionar múltiples formas de representación: estratexias que orientan o qué estamos ensinando.
Para a percepción:
 - Ofrecer alternativas para a información visual: proporcionar descripcións de texto faladas para as imaxes ou presentacións visuais.
 - Para a linguxxe e símbolos:
 - Ilustrar a través de múltiples medios: presentar conceptos claves nunha forma de representación simbólica (ilustracións, táboas, movemento, vídeo, fotografía, etc.)
 - Para a comprensión:
 - Maximizar transferencia e xeneralización: proporcionar listas de verificación, organizadores, recordatorios electrónicos, mapas conceptuais virtuais, imaxes visuais.Proporcionar múltiples formas de acción e expresión: estratexias que orientan o cómo imos ensinalo.
 - Acción física:
 - Variar os métodos de resposta e navegación: proporcionar alternativas para interactuar con diversos formatos, voz, teclado, debuxo, imaxe vídeo, entre outras.
 - Expresión e comunicación :
 - Usar múltiples medios para a comunicación: discurso, debuxo, ilustración, cómics, guións, deseño, película, música, movemento, etc. Utilizar as redes sociais, ferramentas web interactivas, foros, chats, deseño web, presentacións de animación.
 - Funcións executivas:
 - Mellorar a capacidade para monitorear o progreso: facer preguntas para guiar o autocontrol e a reflexión, amosar representacións de progreso (antes e despois, gráficos, etc.), proporcionar modelos de estratexias de autoavaliación e coavaliación.Proporcionar múltiples formas de motivación: Estratexias que orientan o porqué do que se está ensinando.
 - Intereses:
 - Minimiza as ameazas e distraccións: crear clima de aceptación e apoio, variar o nivel de novidade e as demandas sociais requeridas para a aprendizaxe e o rendimento.
 - Esfuerzo e persistencia:
 - Fomentar a colaboración e a comunidade: crear grupos de aprendizaxe cooperativo, proporcionar indicadores que guíen aos alumnos sobre cómo e cómo pedir axuda a os seus compañeiros ou profesoras, construír comunidades de estuiantes comprometidos en intereses comúns, crear expectativas para o traballo grupal.
 - Autorregulación:
 - Desenvolvemento da autoavaliación e reflexión: ofrecer dispositivos, axudas ou gráficos para axudar ás persoas a recompilar, rexistrar e amosar datos do seu propio comportamento. Utilizar actividades que inclúan un medio polo que os alumnos obtengan comentarios e teñan acceso a recomendacións a modo de exemplos, cadros, plantillas, etc.
- A organización de agrupamentos do alumnado será flexible, adaptándoa o máximo posible ás necesidades do alumnado e ao ritmo da aula en cada momento para facer:
- Traballo individual
 - Traballo en parellas/grupo
 - Profesor-alumno

En canto aos espazos, ademáis da aula ordinaria, aproveitaremos outros espazos do centro como o xardín do centro para algunha actividade ó aire libre, ou algún espazo amplo coma a biblioteca, o salón de actos... para algunha actividade especial a nivel de grupo, que requira esas dimensións,

Ten un papel moi importante neste sentido a incorporación das TIC na aula, proporcionando diversos recursos materiais que ofrecen ao profesor a posibilidade de deseñar as clases de forma personalizada e axustándose as necesidades de cada momento. Deste xeito, podremos recurrir a elas tamén en caso de que teñamos casos de ensino a distancia na casa. Por iso, tratarase de entrenar ao alumnado dende o principio do curso en todos estes recursos dixitais que se van a utilizar (edixgal, acceso e utilización da aula virtual, caderno de traballo dixital, uso do correo electrónico para enviar mensaxes de texto ou vídeo, tarefas...).

Estes recursos, xunto actividades na web e aplicacións interactivas, servirán como medio preferente para a actividade lectiva non presencial e semipresencial, tratando de darlles un uso motivado, práctico e racional, sempre adaptado á idade do alumnado e ás súas características persoais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Espazos físicos variados: - Aula ordinaria con zona para os recursos de inglés. - Outros espazos amplos do centro: xardín, biblioteca, patio, salón de actos...
Recursos persoais: Ademáis da mestra de inglés contaremos coa auxiliar de conversa e puntualmente botaremos máis de todas as aportacións persoais en inglés coas que poidamos contar (familias do alumnado para entrevistas ou actividades concretas, persoas de fóra da nosa comunidade educativa como artistas para obras teatrais, alumnado doutros centros...
Tics: Ordenador da aula con canón e pantalla dixital interactiva, escornabot, portátiles do alumnado con internet e cos seus recursos, caderno dixital do alumnado, páxinas web e apps axeitadas ao ensino e idade do alumnado...
Materiais didácticos variados elaborados pola mestra e/ou a auxiliar de conversa
Realia e materiais auténticos aportados por mestres, auxiliar de conversa e familias: mapas, recetas, xoguetes...
Materiais publicados en inglés: libros de texto e contos, flashcards, posters, fichas....
Outros materiais do alumno: Libreta de traballo e carpeta, caderno dixital...

*En caso de actividade lectiva semipresencial utilizaremos :

Aula virtual

Edixgal

Abalar

Caderno de traballo dixital

Correo electrónico

Dispositivos do alumno

Páxinas web con actividades interactivas

A web do centro

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o mes de setembro e tal e como regula a lexislación vixente, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de establecer o nivel de competencia curricular e de desempeño de cada neno/a.

Dita avaliación, realizada a través da observación do desenvolvemento na aula e algunha proba escrita, irá encamiñada a:

- Detectar as características dos alumnos-as ao comezar o curso nos contidos da área.
- Saber que alumnos-as teñen dificultades de aprendizaxe desde principio de curso e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo con este alumnado.
- Informar ás familias sobre a situación inicial dos seus fillos-as para implicar á familia no proceso educativo.
- Enlazar as aprendizaxes de cuarto de Primaria coas do quinto curso, para continuar no primeiro trimestre coas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas antes de afrontar as novas do curso.
- Determinar o grao de dominio dos contidos/competencias traballadas en cursos anteriores coa finalidade de axustar a programación didáctica as necesidades e características do grupo así como a deseñar e poñer en marcha todas aquelas medidas de atención a diversidade tanto ordinarias como extraordinarias que sexan precisas.
- Detectar intereses e motivacións de todo o alumnado, así como estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Esta información será moi valiosa á hora de desenvolver proxectos e tarefas integradas, xa que parte do éxito escolar depende en gran medida de estes factores.

* Prestarase na avaliación inicial especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais para adaptarlles contidos, recursos e metodoloxía ás súas necesidades e compensar carencias. Ademais prepararemos materiais de traballo específicos, para os casos que o requiran, en caso de actividade lectiva semipresencial ou non presencial utilizando de ser posible medios tecnolóxicos adaptados se o alumnado con dificultades fora capaz de utilizalos e de non ser posible, ou de xeito conxunto, prepararíase un traballo específico para eles en papel que lles sería enviado ás casas. O contacto coas familias nestes casos, ben a través dos titores ou directamente a través do teléfono, correo electrónico, etc. será imprescindible nestes casos para axustar os recursos e medidas ás necesidades de cada alumno.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	0	10	10	0	10	10	0	10	10	0
Táboa de indicadores	100	90	90	100	90	90	100	90	90	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	6
Táboa de indicadores	94

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación corresponderase coa ponderación do perfil de área, tal e como se recolle no apartado 3 da presente programación.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde una formulación integradora.

A avaliación concíbese e practícase do seguinte xeito:

A- Continua e global, xa que atende a aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases, e ademais, tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. Contémpanse tres modalidades:

1.- Avaliación inicial. Achega datos sobre o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

2.- Avaliación formativa. Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.

3.-Avaliación sumativa. Establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

B- Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.

C- Integradora, para o que contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.

D- Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.

E- Orientadora, dado que achega ao alumno ou alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

Os instrumentos de avaliación empregados para o alumnado serán: observación cotiá e rexistro por parte do profesor/a do traballo na aula e grao de desenvolvemento das capacidades de comprensión e expresión, da puntualidade e corrección na entrega das tarefas, responsabilidade co material propio e da aula, da actitude e participación na aula; probas obxectivas escritas ou orais, rúbricas, cadernos ou actividades de autoavaliación, tests, etc.

Como norma xeral o criterio cualificador será valorar cun 30% o resultado de tests e probas de control e cun 70% os resultados da observación e análise do traballo na aula así como o respecto polas normas de convivencia e actitude ante a asignatura.

Para superar a materia, o alumnado debera superar a maioría dos criterios de avaliación marcados no currículo. Pero pola súa maior relevancia darase especial importancia aos relacionados con:

Competencia comunicativa a nivel oral, xa que se trata dunha lingua e ...

Os que se refiren a aspectos de convivencia e actitude ante a materia.

De tal xeito que, aínda superando os estándares de aprendizaxe relacionados coa adquisición de conceptos, se o alumnado non adquirise os arriba mencionados, a materia quedaría suspensa.

Ao longo do curso a mestra comunicará ás familias ou titores/as legais, aquelas actitudes e competencias non superadas que poden impedir aprobar a materia.

O resultado das avaliacións individualizadas se expresará en niveis e constarán nun informe entregado aos pais ou titores con carácter informativo e orientador. O nivel obtido será indicativo da progresión e a aprendizaxe dos alumnos, polo que se non son adecuados deberán aplicarse as medidas ou programas máis apropiadas para eles.

Criterios de recuperación:

Dado que a avaliación da lingua estranxeira é continua e tal como se establece no Decreto 299/2011 de atención á diversidade, estableceranse programas específicos de reforzo para aquel alumnado que suspenda a materia.

As medidas variarán segundo as necesidades de cada caso particular, entorno ás seguintes pautas:

a) Adecuación da organización da aula ás características do alumnado.

b) Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado.

c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras

que promovan a inclusión (se non poden ser de xeito presencial, promoveranse a través das TICs).

d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación a actividade presencial e non presencial.

e) Reforzo educativo e apoio do profesorado.

f) Programas de enriquecemento curricular...

A validez de todo este traballo se revisará periódicamente a través da análise do rexistrado na observación diaria da produción do alumno, motivación ante a materia, resultados da avaliación continúa, etc. A tal fin o equipo de profesores que participan na avaliación do alumnado se reunirán como mínimo unha vez no trimestre (e sempre que se considere necesario), para facer o seguimento. En caso de que o programa de reforzo específico non estea dando os frutos necesarios, se analizarán as causas e se propondrán novos programas ou medidas correctoras.

Mecanismos para recuperar a nota dunha avaliación:

Dado que a avaliación é continua no nivel de 5º de Primaria, a nota dunha avaliación non aprobada recuperarase na seguinte. De suspender a 3ª avaliación, quedará suspensa a materia nese curso e deberá recuperar a materia no curso seguinte.

6. Medidas de atención á diversidade

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro destaca o énfasis que se dará nesta etapa á educación inclusiva como principio fundamental, co el fin de atender á diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade o requiera, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, según o disposto na presente lei, conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe, garantindo en todo caso os dereitos da infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requiera.

É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

Por esta razón, en moitos casos, debemos modificar ou adaptar contidos ou metodoloxía para que todos os alumnos poidan alcanzar os obxectivos propostos.

As adaptacións centraranse en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe
2. Metodoloxía máis personalizada
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes
5. Aumentar a atención orientadora
6. Enriquecemento curricular
7. Avaliacións adaptadas

Para abarcar esta ampla diversidade ofreceremos:

a- Para os alumnos máis capaces ou receptivos actividades de extensión

b- Para o alumnado con dificultades actividades de reforzo

c- Para os alumnos con necesidades específicas de aprendizaxe adoptaránse tanto medidas de escolarización como de atención:

- Para os alumnos con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas.

- Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, se priorizarán os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais.

- Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo adoptaránse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento nos seus estudos.

Por suposto, o contacto continuado e coordinación co resto do equipo de profesores do alumnado con necesidades, en especial cos seus titores, e tamén coas familias, axudarannos na labor de mellor coñecer e tratar as necesidades do alumnado.

Ademáis, coa fin de promover a colaboración entre o alumnado, para favorecer as necesidades de socialización, axuda entre iguais, reforzo positivo..., incluíranse tarefas en parellas ou grupos no deseño das unidades ou proxectos de traballo de xeito vital.

Prestarase na avaliación inicial especial atención ao alumnado con dificultades ou necesidades educativas especiais para detectar a súa situación e adaptar contidos, recursos e metodoloxía ás súas necesidades e compensar carencias.

Ademáis prepararemos materiais de traballo específicos, para os casos que o requiran, en caso de actividade lectiva semipresencial ou non presencial utilizando de ser posible medios tecnolóxicos adaptados se o alumnado con dificultades fora capaz de utilizalos e de non ser posible, ou de xeito conxunto prepararíase un traballo específico para eles en papel que lles sería enviado ás casas. O contacto coas familias nestes casos, ben a través dos titores ou directamente a través do teléfono, correo electrónico, etc. será imprescindible nestes casos para axustar os recursos e medidas ás necesidades de cada alumno.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión e expresión oral	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión e expresión escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Estratexias de aprendizaxe e comunicación	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Estratexias de autoavaliación	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Estratexias de autocorrección: o erro como elemento de aprendizaxe	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Respeto á plurilingüidade e culturas diferentes ás propias	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto á diferenza nas persoas: ideas, personalidade, físico...	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Pautas de conduta para a convivencia e o benestar emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Comunicación audiovisual: uso respetuoso dos recursos tecnolóxicos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Desenvolvemento e afianzamento de valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, ¿	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión e expresión oral	X	X
ET.2 - Comprensión e expresión escrita	X	X
ET.3 - Estratexias de aprendizaxe e comunicación	X	X
ET.4 - Estratexias de autoavaliación	X	X
ET.5 - Estratexias de autocorrección: o erro como elemento de aprendizaxe	X	X
ET.6 - Respeto á plurilingüidade e culturas diferentes ás propias	X	X
ET.7 - Respeto á diferenza nas persoas: ideas, personalidade, físico...	X	X
ET.8 - Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X
ET.9 - Pautas de conducta para a convivencia e o benestar emocional	X	X
ET.10 - Comunicación audiovisual: uso respetuoso dos recursos tecnolóxicos	X	X
ET.11 - Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X
ET.12 - Desenvolvemento e afianzamento de valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, ¿	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Proxectos en inglés na páxina web do centro	Presentacións de proxectos realizados polo alumnado (presentacións, vídeos...) ás veces en colaboración coas familias, na páxina web do centro para compartilos coa comunidade educativa			
Representacións teatrais ou lecturas teatralizada para realizar en inglés	Actividades en colaboración coa biblioteca do centro para realizar lecturas ou representacións en inglés diante dos compañeiros.			
Saídas puntuais do centro para realizar actividades en inglés axeitadas á idade e intereses do alumnado	Visitas a teatros, cine,, museos...para actividades na lingua estranxeira			
Actividades na aula virtual do centro ou en edixgal	Actividades deseñadas para facer de maneira non presencial			

Observacións:

En canto as tarefas extraescolares do alumnado, serán deseñadas pola profesora de tal xeito que supoñan un reforzo dos contidos e competencias traballados na aula. Ditas tarefas serán axustadas á idade do alumnado e as súas necesidades individuais e servirán para fomentar a responsabilidade dos alumnos e alumnas na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo, pero sempre tendo presente a necesidade de conciliar a vida laboral e social das familias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Indicadores proceso ensino:
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
3.- Conseguiuse a motivación do alumnado?
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
7.- Tomáronse algunhas medidas curriculares e organizativas para atender ao alumnado con NEAE?
8.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
9.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
10.- Dáse un peso real á observación do traballona aula?
Indicadores práctica docente:

1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?
2.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas, tamén para o ensino non presencial?
4.- Intercálase o traballo individual e en equipo?
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
6.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe?
7.- Préstase atención aos temas transversais?
8.- Realizáronse as ACIS propostas e aprobadas?
9.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares?
10.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación... ?

Descrición:

A maior ou menor puntuación, do 1 ao 4, obtida en cada un destes indicadores nos dará referencia de cómo de axeitado foi o proceso de ensino e a práctica docente e qué aspectos mellorar. A revisión faráse trimestralmente de ser posible e a lo menos unha vez no curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente, e coincidindo cos periodos de avaliación dos resultados do alumnado, ou como mínimo unha vez no ano, farase o seguimento da programación didáctica atendendo a:

- Grao de impartición da mesma (a lo menos debería impartirse un 80% da mesma)
- Superación do alumnado dos mínimos esixidos (a lo menos un 60 % debe telos superados)

En aqueles casos nos que os mecanismos de revisión indiquen a necesidade de modificar ou mellorar a programación, metodoloxía, etc. asumiranse as decisións oportunas no seo da coordinación do ciclo e do nivel, tendo en conta as orientacións da Comisión de Coordinación Pedadóxica.

9. Outros apartados